



sumario

Calendario escolar 07/08	2
Editorial	3
Artigos	
Respirar polo nariz: cuestión de saúde e algo máis. RAQUEL PADRONES GARCÍA Os reis da casa MARITA VILAR ARMAS Decálogo do deporte en idade escolar e papel dos pais e nais IGNACIO LÓPEZ PRESEDO	4/5 5 6
El: Pasamos a primaria	7
Despedidas	8
O recanto do escritor	9
Actividades complementarias	10 / 16
	
Viaxe a Mallorca / Gandario / Obxectivo 2015 / Acuario do Grove / O Horto Escolar / Aquiencia / Gramxa de Marcelle	
Promoción 1998-2007	12/13
Letras Galegas 2007 / Festival / Contos Rápidos	17/21
C.B. Pío XII	22
	
ANPA	23

editorial

Antonio Fernández Regos
Director



O curso remata e, é tempo de vacacións. Nestas datas recordamos o inicio do curso aló polo mes de Setembro e, despois de tanto traballo podemos dicir que este foi un curso moi intenso, e cheo de actividades e ilusións, que pasou voando.

Agora chega o verán, e comeza o eterno problema de moitas familias, cando as súas fillas e fillos din: "Mamá", ¿Que fago?



Entre todos podemos organizar o tempo dos nosos rapaces durante as vacacións. Debemos ter varios aspectos en conta. Vacacións non é sinónimo de descontrol, nin de facer o que cada un queira e cando queira, por iso en primeiro lugar é importante manter un control dos horarios de sono, descanso e de comidas, aínda que non sexan tan rixidos coma durante o curso.

Temos que evitar que o tempo de ocio dos rapaces sexa un tempo de aburrimiento, "non sei que facer", nin que se manteñan horas enteiras diante da TV. Nesta época de vacacións débense planificar e organizar actividades, tendo en conta tres aspectos fundamentais: o aspecto físico; o social e o intelectual ou escolar.

O verán é unha estación moi apropiada para o exercicio físico e o contacto coa Natureza. Os nenos deben moverse, saír, e non permanecer pasivos nas súas casas. Son moi recomendables: piscina, praia, bicicleta, xogar con outros nenos, campamentos, viaxes, saídas coas nais e os pais...

Nas relacións sociais, o contacto con outros amigos debese coidar nas vacacións. O xogo con outras rapazas e rapaces é a mellor forma de establecer lazos de amizade e camaradería. Non podemos esquecernos

da familia, é a hora na que as nais e os pais o pasen ben cos seus fillos, os coñezan mellor, os ensinen a vivir e a gozar da vida. Ensinarlle a mirar: a paisaxe, un monumento, un animal... a ulir unha planta, o aire, a terra... É moi bo que aprendan a querer e a respectar a todas e a todos, sen pelexas nin malos xenios, compartindo as súas cousas cos demais.

Por último, é conveniente deixar todos os días un tempo para as tarefas escolares de repaso. Un tempo diario dedicado ao escolar é imprescindible para afianzar o aprendido durante o curso, non esquecer os hábitos de traballo e como pequeno exercicio ou disciplina de esforzo persoal. Neste aspecto é moi importante que os rapaces lean, que lean o que lles guste, pero que lean.

Saber distraerse, gozar sen facer dano nin molestar aos demais, é o mellor que podemos facer todos para pasar unhas felices vacacións.

Neste derradeiro "Banzo", deste curso, non podemos esquecer a todas as alumnas e alumnos que rematan este ciclo no Colexio, e aos que lle chega o momento de "estrear". Estreades un Instituto, profesores, compañeiros, emocións, medos, ilusións... E todo iso é bo, porque a vida é un cambio continuo, o importante é saber onde está a meta, que é o que cada un quere conseguir, e poñer todo o noso empeño en ir cara ali. Non estaredes sos, levades con vós o noso cariño, os nosos consellos, e algún que outro castigo,, que só tiña como finalidade axudarvos a medrar como persoas, como boas persoas. Sabemos que deixamos un pequeno sinal no voso corazón, pero sen dubida algunha é que vós sempre estaredes na memoria deste Centro.

Para despedirnos non vos desexamos só sorte, os nosos desexos son: esforzo, gañas de aprender, e un futuro cheo de oportunidades. Sorte para todas e todos, nunca vós esqueceremos.

Despedir tamén os mestres Isabel Turnes Negreira e Maximino Vicente Terceiro, que se xubilán despois de moitos anos dedicados ao servizo do maxisterio.

Grazas a todos: alumnas-alumnos, nais-pais, ANPA, Concello, Consello Escolar, Claustro de Profesores... e a todos os que fixestes o esforzo para darnos un exemplo de colaboración, solidariedade, respecto; cumprindo cada un os obxectivos que reflicten a unión dos diferentes colectivos que compoñen esta comunidade educativa e a participación de todos, baseada no respecto aos demais e ao entorno no que vivimos.

Publicidade


MAYSO
 Telf. 981 59 43 73 - Rosalía de Castro, 23 - 15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 e-mail: maysolibreria@mundo-r.com
 www.maysopapeleria.com.es
 MATERIAL OFICINA - ESCOLA - LIBRERÍA
 XOGOS EDUCATIVOS - CONSUMIBLES INFORMÁTICOS


abraxas


AULA 25. Santiago de Chile 25. CP 15702. Tlf 981593655
AULA 25 D.E. Salvadas 37 baixo. CP 15705. Tlf 981554158
ABRAXAS. Rúa Nova de Abaixo 3. CP 15706. Tlf 981592030
ABRAXAS. Montero Rios 50. CP 15706. Tlf 981580377